



ASOCIACIÓN VECIÑAIS, , COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS

O 22 de xaneiro publícase no DOG a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a **asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (código de procedemento PR487A).**

Poderán ser **beneficiarias das subvencións** convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e asociación de mulleres rurais de Galicia.

Poderán **ser obxecto de subvención** os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os cales a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

A **axuda económica** que se conceda poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos.

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, ata o 22 de febreiro de 2021.